

1024 RBF/mcm

RESOLUCIÓN

Unha vez que se examinou o expediente tramitado para a contratación do servizo incluído no *Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local* denominado "XI campaña mañás de campamento. Campamentos que concilian", a adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración.

ANTECEDENTES

1. O 28 de xuño de 2010, mediante a resolución nº 1166, a concelleira delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade procedeu á adxudicación provisional á Xestión cultural Área SL, co CIF B.36394203, e procedeuse á súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación.

A Secretaría Xeral do Concello emitiu sobre a mesma a nota informativa 28/2010, que consta no expediente.

2. No prazo que se estableceu, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

3. Este expediente foi declarado de tramitación urgente ao abeiro do disposto no artigo 17.2 do Real-decreto lei 13/2009.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.O artigo 144 da lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, unha vez ponderados polo Comité de Expertos os criterios de selección establecidos no PCAP.

2. O artigo 135.4 LCSP establece que a adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, sempre que o adxudicatario presentara a documentación sinalada e constituíra a garantía definitiva.

3. O apartado 2.c) do artigo 96 LCSP establece que, no caso de que o expediente se cualificara de urgente, a Administración poderá acordar o comezo da execución do contrato aínda que este non se formalizara sempre que se constituíra a garantía definitiva.

4. Respecto ao importe de adxudicación, o artigo 79 da lei 26/2009, de Orzamentos Xerais do Estado, modifica dende o 1 de xullo de 2010 o apartado un do artigo 91 da lei 37/1992, do imposto sobre o valor engadido, determinando que se esixirá ao tipo do 8 por cento. Por tanto, aínda que o expediente de contratación foi tramitado cun IVE distinto, ao realizarse a adxudicación con posterioridade ao 1 de xullo de 2010, o importe de adxudicación estará constituído polo prezo ofertado máis o 8% en concepto de IVE.

En base a todo o que
RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado e adxudicar definitivamente o servizo denominado "XI campaña mañás de campamento. Campamentos que concilian" a Xestión cultural Área SL, co CIF B.36394203, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando criterios de adxudicación establecidos, fixando o prezo en 70.654,20€, IVE engadido

(65.420,56euros máis o 8 % de IVE, 5.233,64euros). Este prezo verase diminuído en función do número de horas de duración dos campamentos e do número de campamentos celebrados.

SEGUNDO.- Requirir ao adxudicatario para que, dentro do prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a firma do contrato. Non obstante, dado que o contrato foi cualificado de urgente, acordar o comezo da execución do contrato o 12 de xullo de 2010.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 137.1 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación definitiva no perfil de contratante do órgano de Contratación.

CUARTO.- Nomear responsábel técnico dos traballos a Dña. María Luísa Rodríguez Don, xefa do servizo de Educación, á que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa fin de asegurar a correcta execución da prestación pactada.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución á Intervención municipal.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 12 de xullo de 2010
A proposta de
O xefe de servizo de economía e facenda

Intervido e conforme,
A interventora xeral

Roberto Babío Fernández
Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,
A concelleira delegada de economía,
facenda, réxime interior e seguridade

Ana M^a Prieto Martínez
Dou fe,
A secretaria xeral

Alicia Ferreiro Varela
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 ,
de 1/8/2007)

Pilar M^a Pastor Novo